

CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

29-30 de xuño do 2024

XIII ORDINARIO B



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº Amigos nas penas*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe. Facémolo no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

A sona de Xesús estendíase por todas partes e a xente acudía a El, uns para escoitalo, outros para pedirlle favores e algúns simplemente para velo e poder tocar o seu manto.

Hoxe o Evanxeo tráenos dous feitos: Xairo, un home importante naquela comunidade, que lle presenta o problema da súa filla que está a morrer. E unha muller enferma que non se atreve a pedir nada, e soamente quere tocar o manto de Xesús.

A resposta de Xesús a ámbolos dous é a VIDA e a FE. Á muller dille que a sandou a súa fe e a Xairo pídelles que teña fe nel.

Nós, somos persoas crentes que tratamos de camiñar conforme á fe confiando neste Xesús que comparte con nós a súa vida, e así imos facéndonos comunidade como compartimos agora.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *Con Xesús da nosa parte, somos capaces de facernos cribles como parroquia compartindo e estando a beira de quen precisa de nós. Por iso agora queremos pedir perdón polas veces que só nos preocupamos de nós mesmos. Pedimos perdón porque podemos facelo mellor:*

Monitor/a

➤ Perdón, Señor, polas veces que vivimos preocupados só por nós e polo noso, e viramos as costas aos demais. Señor téndenos a túa man

➤ Perdón, Señor, polas veces que non nos achegamos a escoitar, a falar, a compartir facendo comunidade. Cristo téndenos a túa man

➤ Perdón, Señor, polas veces que non estamos atentos, nin damos unha man, a quen sofre e a quen ten necesidade. Señor téndenos a túa man

Celebrante: *Deus agarimoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, e dos que se senten marxinados por calquera causa.
A todos nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Hoxe rezamos coas persoas que coñecemos que están enfermas ou o están pasando mal por calquera cousa. Pero rezamos sobre todo agradecendo todas e cada unha das mans que están tendo á súa beira. Son, nin máis nin menos que as mans do mesmo Xesús.*

(silenzio)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, co teu espírito de adopción fixéchesnos fillos da luz. Nós non queremos que o egoísmo nos envolva nas tebras, senón que permanezamos sempre iluminados polo exemplo de vida dada que atopamos en Xesús, que vive e reina contigo, na unidade do Espírito Santo por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Escoitamos agora na primeira lectura unhas palabras que nos deberían facer pensar moito. Paulo, o apóstolo, fálanos de igualdade, fálanos da necesidade dun mundo mellor repartido, porque hai poucos que teñen moito, e hai moitos que teñen moi pouco. É momento de empezar a vivir mellor o que nos pide a nosa fe. Escoitemos.*

**LECTURA DA SEGUNDA CARTA
DE SAN PAULO AOS CORINTIOS**

Irmáns e irmás:

Xa que abundades en todo -en fe, en palabras, en ciencia, en interese por todo e en amor a nós-, que abundades tamén nesta graza. Ben sabedes o xeneroso que é o noso Señor Xesúscristo: sendo rico, fíxose pobre por vós para que vós vos fixédes ricos coa súa pobreza.

Non se trata de que vós pasedes apretos por aliviardes a outros, senón de que exista igualdade. Neste momento a vosa abundancia pode remediar a carencia deles, para que a abundancia deles poida vir en auxilio da vosa carencia. Así haberá igualdade, de acordo co que está escrito: A quen recollía moito, non lle sobraba; e a quen recollía pouco, non lle faltaba.

Palabra do Señor

♪ 41 *Quen nos vai separar de Ti?* SALMO

(en pé) Leccionario II B páx 209 Mc 5,21-43 EVANXEO

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO
SEGUNDO MARCOS**

Pasando Xesús nunha barca para a outra banda do mar de Galilea, xuntouse moita xente arredor del, que estaba na beira do mar.

Nisto chegou un dos xefes da sinagoga, chamado Xairo, que, ao velo, botouse aos seus pés suplicándolle:
- A miña filla está a piques de morrer; ven impor sobre ela as túas mans, para que sande, e viva.

E foise con el, seguido de moito xentío, que o estrullaba.

Había unha muller, que padecía hemorraxias desde doce anos atrás, e levaba sufrido moito cos médicos, que lle acababan cos bens; total para nada, porque a cada paso ía a peor. Como oíra falar do que facía Xesús, achegouse entre a xente e tocoulle o seu vestido, dicindo para si: "Anque non sexa máis que tocarlle o seu vestido, ficarei sa". E secándoselle a fonte da hemorraxia, sentiu no seu corpo que estaba curada do mal.

Axiña Xesús, decatándose, volveuse e preguntou:

- Quen me tocou na roupa?

Os discípulos respondéronlle:

- Ti ben ves a xente preméndote; e aínda preguntas por quen te tocou?

Pero el seguía mirando arredor, para ver quen fora. Daquela, a muller, amedoñada e tremendo, sabendo o que lle sucedera, veu caer ante el contándolle toda a verdade. El díxolle:

- Filla, a túa fe sandoute, vaite en paz, curada para sempre da túa doenza.

Aínda estaba el falando, cando chegaron da casa do xefe da sinagoga a dicirlle:

- A túa filla acaba de morrer. Para que andar xa molestando ao Mestre?

Pero Xesús, ao escoitar o que estaban a falar, díxolle ao xefe da sinagoga:

- Non temas, abonda que teñas fe.

E non permitiu que ninguén o acompañase, fóra de Pedro, Santiago e Xoán, o irmán de Santiago.

Ao chegaren á casa do xefe da sinagoga, vendo o gran barullo que facían con choros e lamentos, entrou e díxolles:

- A que vén tanto barullo e tanto chorar? A meniña non morreu, está a durmir.

E todos facían riso del. Pero botándoos a todos fóra e levando con el os pais da meniña e mailos seus acompañantes, entrou onde estaba a nena. Colleuna pola man e díxolle:

- Talitha, qumi (que quere dicir: "rapaza, érguete").

A rapaciña ergueuse de contado, e botouse a andar, que xa tiña doce anos. E aquela xente quedou coa boca aberta. El insistiu en que non llo contasen a ninguén, e mandou que lle desen de comer.

Palabra do Señor

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

(en pé) PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Despois de escoitar a túa Palabra, Señor, queremos ser coherentes na fe e na vida, e imitando a Xesús cremos que vale a pena estar á beira da xente dando unha man a quen a necesite. Por iso proclamamos a fe que compartimos. Dicimos

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Credes en Deus Pai e Nai, creador do ceo e máis da terra, que á súa imaxe e semellanza nos convida a compartir?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Xesús, o noso irmán, que está á nosa beira, e sobre todo á beira dos doentes e necesitados?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes no Espírito Santo que nos alenta a camiñar erguendo a quen se sinte afundido?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes na igrexa, comunidade viva, que ao xeito de Xesús, somos chamados a estar atentos aos demais compartindo as alegrías e as penas?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos a Xesús, e como comunidade poñamos nas súas mans os nosos mellores froitos para esta parroquia na que vivimos. Oremos dicindo*

Señor, queremos dar unha man

Monitor/a

✓ Coma ti Xesús estabas á beira da xente ofrecendo palabras e feitos cheos de vida, tamén nós hoxe dicimos

✓ Coma ti Xesús non pasabas desapercibido para a xente, senón que todo o mundo te buscaba, tamén nós hoxe dicimos

✓ Coma ti Xesús dispuñas as túas mans e os teus esforzos en ben dos demais, tamén nós hoxe dicimos

✓ Coma ti Xesús andabas no medio da xente dando vida, irmandade e PAZ, tamén nós hoxe dicimos

✓ Coma ti Xesús te achegaches a quen tiña motivo para queixarse, tamén nós hoxe dicimos

✓ Coma ti Xesús deches vida a dúas mulleres, tamén nós, ante tantas traxedias de violencia de xénero, dicimos

Celebrante: *Señor Xesús, ti, escoitas as nosas pregarías, e nós enchémonos do alento que te levaba a estar sempre á beira de todas as persoas e dun xeito especial das máis necesitadas. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Sentíndonos irmáns, tamén dos que hoxe son marxidados pola nosa sociedade, rezamos a Deus, que é Pai de todos, coma nos ensinou Xesús. Rezamos ofrecendo as nosas mans:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante *Xesús acollía e transmitía paz e esperanza a todos. Coma El sexamos tamén nós transmisores de esperanza e paz á beira das persoas doídas e cansas. Sabemos que a paz faise dende a igualdade, faise con respecto, faise con tolerancia, faise con todas as mans atrevidas para coidar. Coas nosas coidamos e compartimos agora nun xesto de paz.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: Os discípulos foron pouco a pouco descubrindo que valía a pena compartir con Xesús a mesa, a conversa e a tenrura coa que facía ben.

Nós compartimos aquí en comunidade e Xesús acóllenos sen distincións agasallándonos coa súa Palabra e o seu ben facer.

Ditosos nós convidados a este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 n° 50 **Na tardiña baixa da vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, por este pan da vida que acabamos de compartir enfortecémonos no camiño que nos achega a Ti.

Fai que a túa luz nos guíe polo camiño do ben dando unha man a todos facéndonos merecentes dos froitos da vida eterna contigo, que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

Avísase das misas (ver folla do mes)

Xesús mostraba a todos ao Deus da VIDA, ao Deus que conta con nós, coas nosas palabras e os nosos feitos.

A xente máis necesitada e marxinada acudía a El para atopar consolo e esperanza, e atopábano.

Hoxe somos nós os que temos que levar consolo e esperanza a todas as persoas que se senten marxinadas por calquera causa, xa que fomos convidados e participamos na mesa do Señor.



**“Non teñamos medo,
estou á túa beira, e abonda con que teñas fe”**

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe

***Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén***

Podémonos ir en paz.